

## COMISIÓN CENTRAL DE SEGUIMIENTO DO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL DO 9 DE ABRIL DE 2021

- **Puntuación adicional outras categorías: médico/a asistencial e enfermeiro/a 061.**

No plan de contingencias COVID do 2020, está incluída unha puntuación adicional pola dispoñibilidade nas listas durante o COVID para varias categorías.

A proposta da xerencia do 061, a Administración propón incluír estas categorías dentro das destinatarias desta puntuación adicional.

Apróbase co voto favorable de CCOO, CSIF e CESM-OMEGA.

**CIG-SAÚDE** deixamos claro que non estamos de acordo con esta puntuación adicional e que polo tanto non aceptamos que se inclúa a mais categorías.

- **Apertura de listas de médico/a de HADO.**

Unha vez publicado o Decreto de creación da categoría de médico/a de HADO, apróbase a creación de listas de selección temporal de médico/a de HADO.

- Abrirase un prazo de inscrición ata o 30 de xuño de 2021.
- Incluírse dentro do pacto de selección temporal de FEAS.
- As listas serán de ámbito autonómico con posibilidade de marcar distritos preferentes.
- O baremo a aplicar será o da OPE de FEAs.
- Non incluírá nota de OPE, só a nota do galego. Non se valorará a nota de OPE de outras categorías.

Queda pendente de publicación no DOG a inclusión desta categoría dentro do pacto de selección temporal e a apertura do prazo de inscrición.

- **Proposta de acordo dun réxime transitorio para a aplicación das listas de persoal licenciado sanitario de atención hospitalaria.**

A Administración presentounos durante a celebración da comisión unha proposta de transición para as listas de selección temporal de FEAs:

- Compromiso de publicación das listas definitivas en setembro de 2021.
- Actualización das listas de FEAS a continuación, coas persoas inscritas a 30 de xuño de 2021. Intención de que se publiquen as provisionais en marzo de 2022 e as definitivas en maio, e actualizar as listas novamente a 30 de xuño de 2022.
- Garantía de continuidade ás persoas con servizos prestados continuados durante máis de 2 anos, ata a resolución da OPE da súa correspondente categoría/especialidade.

A Directora de RRHH comprometeuse a estudar a estabilización das prazas que durante anos se están a cubrir con contratos eventuais.

**CIG-Saúde** congratulámonos de que se publiquen as listas definitivas e que estas categorías entren no proceso de listas tal e como estaba pactado; e tamén por presentarnos unha proposta de transición que desbloquee a situación, e que permita que se normalice a contratación destas categorías.

Esta proposta será valorada na próxima Mesa sectorial de sanidade.

# CIG-SAÚDE *informa*

- **Rogos e preguntas.**

- **CIG-Saúde** preguntamos se o contrato de continuidade de emerxencia sanitaria de un ano, tiña a consideración de longa duración. A Administración informa que é un contrato de longa duración e que efectivamente só ten a mellora da interinidade.
- **CIG-Saúde** denunciámos que non se trouxera á comisión central a valoración da preferencia das listas de enfermeira/o especialista en enfermaría familiar e comunitaria e enfermaría pediátrica nas contratacións dentro do ámbito destas especialidades. A Administración contestou que é un tema que se abordará na negociación do novo pacto.
- **CIG-Saúde** solicitamos que ás mulleres embarazadas ou en situación de maternidade se lles ofrezan todos os contratos que lles correspondan, tanto os de longa coma os de curta duración.